



ACTA DA ASEMBLEA ORDINARIA DO COLEXIO TERRITORIAL DE SECRETARIOS, INTERVENTORES E TESOUREIROS DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE A CORUÑA, CELEBRADA O DÍA 1 DE DECEMBRO DE 2012.

Na sede do Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local de A Coruña, sita na rúa Cantón Grande número 6, piso 10ª A, sendo as once horas e corenta minutos do día 1 de decembro mil doce, en segunda convocatoria, reúnese a Asemblea do Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local de A Coruña, co obxecto de realizar sesión ordinaria anual segundo a convocatoria realizada en legal forma, a cal asisten os seguintes Colexiados:

Presidente: D. Juan Bautista Suárez Ramos.

Secretario: D. Antonio López Vila

D. José Ramón Alonso Fernández

D. Alejandro Alonso Figueroa

Dª María Esther Álvarez Martínez

D. José María Ameijenda Cuns

Dª María Cruz Andrade García

Dª María Teresa Buján Mosquera.

Dª María Iria Buján Vázquez.

Dª Ana María Cacharrón Castelos

D. Enrique Calvete Pérez

D. Vicente Calvo del Castillo

Dª Pilar Canzobre Méndez.

Dª Eva María Casal Sanjurjo

D. Constantino Cobas Cotelo.

Dª Olga Dourado González

Dª. María Blanca Estévez Sánchez.

Dª. Mercedes Fondevila Jaraiz

D. Cristóbal Fraga Bermejo

Dª. Virginia Fraga Díaz

Dª. Encarnación Gago Fernández

Dª Eva García Fernández.

Dª Rosa Ana García Fernández.

D. Fidel García Martul

D. José Antonio Gómez Pedreira.

Dª María Iglesias Nuño.

D. José Ramón Lema Fuentes.

Dª. Sonia Lorenzo Barbeito

D. Eduardo Mera Rico

Dª. Mª. José Nartallo Penas.

Dª Mª Celia Nercellas Colmeiro.

Dª Beatriz Oveja Villafañe.

D. José Manuel Pardellas Rivera.

Dª Pilar María Pastor Novo.

D. José María Pérez Alvariño.



D^a. Rosa Ana Prada Queipo.
D. Angel Prego Parada
D^a M^a Graciela Riveiro Moreira.
D^a Jorge Eduardo Rodríguez Fernández
D. Marcial Rodríguez Toajas.
D^a María Belén Rodríguez Tourón.
D. Manuel Roel Hernández-Serrano
D. José A. Rueda de Valenzuela.
D^a. Asunción Coromoto Sardón Blanco.
D^a Pilar Souto Pan
D^a Amparo Taboada Gil
D^a Lucía Varela Martínez.
D. José María Vázquez Pita

Excusan a súa ausencia:

D^a Africa González Baillín
D^a Laura Gutiérrez Ortiz
D^a Angel Santamariña Rivera
D^a M^a Rosario Vázquez Fernández
D. Manuel Vázquez Fernández

Aberto o acto e presentación da Asemblea polo Sr. Presidente, da a benvida ós asistentes.

A continuación pásase a trata-los seguintes asuntos:

1.-Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores

Dase conta das actas de sesións da Asemblea Xeral realizadas o 17 de decembro de 2011, 4 de febreiro, 24 de marzo e 2 de xuño de 2012, das cales se achegou copia a todos os colexiados. A Asemblea, por unanimidade, acorda aprobar as devanditas actas.

2.- Dación de conta da actividade colexial

O Sr. Presidente presenta unha memoria na que se recollen as xestións realizadas pola presidencia en colaboración coa Xunta de goberno dende a última asemblea ordinaria, na que se recollen os seguintes apartados:

a) Relacións institucionais:

- Ademais de dar conta das xestións realizadas o Sr. Presidente quere deixar constancia do agradecemento á Dirección Xeral de Administración local como órgano e así como ás persoas: Ramón Quiroga, María Baleato e Norberto Uzal Tresandí. Tamén quere deixar constancia do agradecemento a Dña. Amadora Rodríguez García pola súa colaboración na tramitación da aprobación dos Estatutos e da inscrición deste Colexio no rexistro de Colexios profesionais.



- Informa da concesión de subvención para traballo de desenvolvemento de formularios procedementos administrativos, completouse o traballo e xustificouse o gasto, agradecendo a súa colaboración aos colexiados que participaron no mesmo.

- Da conta das relacións con Alcaldes, medios de comunicación, publicación na Voz de Galicia e participación na Mesa redonda en Mazaricos.

- Informa da inscrición do colexio no Rexistro de Colexios Profesionais, trámites realizados ata a súa aprobación definitiva e publicación no D.O.G.

b) Asistencia a colexiados:

- Informa da asistencia a colexiados, xestións e asesoramento prestado procurando actuar no ámbito da discreción.

- En canto ao asunto do cese de dúas persoas no Concello de Santiago refírese ao sistema de libre designación e que o PP levaba no programa a eliminación deste sistema, defendeuse que iso se execute porque é de interese do colectivo. Explicou aos compañeiros de Santiago que mentres a libre designación estea aí temos que acatala, pediuse que participen en funcións reservadas e que se garanta a retribución, o segundo conseguiu pero o primeiro seguen queixándose que non se cumpre, por elo falou coa concelleira de persoal e dixo que o ía comentar e contestaría.

- Tamén da conta da sentenza desfavorable do recurso contencioso-administrativo en relación coa non convocatoria de provisión do posto de oficial maior do concello de A Coruña, a pretensión era que se convocaran os postos, tampouco houbo contacto co Concello e sería bo que a nova Xunta de Goberno o retomara.

- Actividades formativas, desenvóléronse xornadas sobre o iver e a estabilidade orzamentaria.

- Participación no Consello xeral de COSITAL, houbo proceso electoral e este Colexio estaba presente nas dúas candidaturas.

Recentemente houbo o congreso de Cádiz onde participaron doce membros deste Colexio, entre eles D. Vicente Calvo que informa do desenvolvemento e conclusións, agradece a labor desenvolta polo Presidente e indica que a dito congreso asistiron 224 colexiados, era importante ter un documento de conclusións avalado pola Asemblea, informando do contido da declaración de Cadiz e da cal propón dar traslado a Xunta de Galicia e a Fegamp.

c) O Sr. Presidente propón incorporar o punto da declaración de Cádiz a Asemblea, que se acepta por unanimidade, e a continuación sométese a votación a declaración aprobada pola Asemblea de Cadiz e a súa remisión a Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia e a Fegamp, resultando aprobada polos asistentes, coas abstencións dos colexiados D. Cristobal Fraga Bermejo e D. José Ramón Alonso Fernández.

d) Informa das relacións cos colexios de Galicia.

Intervén sobre este punto o colexiado D. José Antonio Rueda que agradece en primeiro lugar a labor desempeñada polo Presidente, logo informa sobre a reunión, puntos tratados e acordos a que chegaron; tratouse principalmente sobre dúas propostas, unha do



colexio de Pontevedra sobre o réxime disciplinario, propoñendo que instrución sexa fora da Corporación, os instrutores letrados da Xunta e o colexiado que poida instar a participación do colexio, que en todo caso debe comunicárselle; tamén se propuxo que no caso de infracción grave se solicite ditame ao Consello Consultivo que sexa vinculante no caso de ser negativo, a competencia para resolver sería a Consellería para as graves e o Consello da Xunta as moi graves.

Os colexios de Lugo e Ourense propoñen medidas agrupación voluntaria de municipios, que sexan limítrofes, máximo dous, límites obxectivos, poboación inferior a 1.000 habitantes e orzamento inferior a 300.000 euros. En canto aos funcionarios que perdan a súa praza proponse crear un posto a extinguir na agrupación, que na memoria para a agrupación se incorpore memoria económica que xustifique que os problemas non poden resolverse doutra maneira, e que a agrupación non sexa forzosa senón potestativa.

3.- Dar conta do estado de execución de gastos no exercicio 2012 e do estado da tesourería.

En canto a situación económica o Sr.Presidente informa da situación da tesourería:

Existencia actual: 26.137,78

Caixabank: 22.594,38

NCG Banco: 1.522,92

BBVA: 2.009,43

Banco Gallego: 11,05

Tamén da conta das contías pendentes de cobro e de pago, estimando que a situación actual do remanente de tesourería é boa, presentando o balance de situación ao 1-12-2012 que co seguinte resultado:

Activo.. 237.324,84.-€

Pasivo.. 237.324,84.-€

A Asemblea , por unanimidade, queda informada.

4.- Homenaxe ás persoas xubiladas.

A continuación procédese ao acto de homenaxe a compañeira que se xubilou no presente ano, D^a Mercedes Fernández González, Secretaria do concello de Bergondo, a cal non pode asistir por motivos de enfermidade, despois dunhas palabras do Sr. Presidente indicando que había pedido a D^a. María Rosario Vázquez que foi compañeira no concello de Bergondo que preparase unhas palabras en representación colexial para este acto, por razóns familiares non pode asistir e achega escrito o cal da lectura D. Cristobal Fraga Bermejo, no que fai unha emotiva exposición da traxectoria profesional da homenaxeada, destacando a súa gran labor profesional, a súa amabilidade e disposición de colaboración para con tódolos compañeiros de profesión.

5.- Rogos e preguntas. Non houbo.

Finalmente o Sr.Presidente da as grazas a Luisa polo traballo desenvolvido durante o seu mandato, ao anterior Presidente D. José Manuel Pardellas polos consellos e a tódolos asistentes.



Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. levanta a sesión sendo as doce horas e corenta minutos, da cal levanto a presente acta co visto e prace do Sr. Presidente, por min Secretario, do que dou fe.